

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Convalidación da omisión da función interventora na fase de adxudicación do contrato de obra de renovación de alumeadado público exterior»

Data:

24 de xullo de 2024

Duración:

Desde las 20:28 hasta las 22:35

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7194**	Saúl Olmo Vaqueiro	SÍ



***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1477/2024. Convalidación da omisión da función interventora na fase de adxudicación do contrato de obra de renovación de alumado público exterior.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Sr. Rodríguez Canosa: O que traemos aquí é a convalidación da omisión da función da interventora, no momento no que se adxudicou o contrato para a renovación do alumado público exterior que foi feito por este pleno da Corporación, a interventora interina que había naquel momento estaba de baixa e polo tanto non se realizou a fiscalización da adxudicación e para non estar levantando reparos que tamén habería que traelos a pleno, no pago de cada factura e como as facturas son correctas e son segundo a certificación emitida tamén pola dirección de obras, traemos a convalidación desta omisión para que no futuro vaia todo máis rodado. Unha obra moi importante para Salceda, como todos sabemos, vaise a renovar 2780 luminarias, máis 56 cadros de luz, ademais de varios quilómetros de cableado, esta é a primeira das facturas con un importe de 277.000€, xa proximamente entrará a segunda certificación, unha obra que vai a bo ritmo segundo os prazos iniciais de catro meses e medio e que sabemos que vai mellorar a calidade de vida nas nosas parroquias.

Sr. Rodríguez Davila: Como xa habíamos manifestado no pleno onde se aprobou por unanimidade de esta Corporación esta adxudicación de contratación e visto que nas últimas semanas, ultimo mes se están instalando os novos báculos de luz, me reitero e me reafirmo naquel pleno, e verdade que é unha obra moi importante que debe durar uns trinta anos ou máis e o certo e que, non é o primeiro veciño que me di, que esperaba unha maior luminosidade respecto das luminarias novas. Nos últimos días se cambiaron as que había na Serra, no Torrón e había xa luces led colocadas de aproximadamente 8 anos e o cambio destas últimas que se colocaron nestes días é moi importante pero a peor, no sentido da claridade ideal da luminosidade. Non entro a valorar a parte técnica que loxicamente descoñezo, pero si é claro que á vista de todos nós que nesa zona viven a diferenza de luminosidade que existía fai uns día a que existe a día de hoxe cas novas luminarias é moi importante. Dito isto nós vamos a votar a favor de este trámite, porque así o fixemos nese pleno onde se adxudicou esta obra importante. É verdade que en todos os Concellos o vamos a ver nos seguintes meses e anos se van cambiando paulatinamentea luces led, é verdade que non todos os Concellos optan pola mesma tipo de luz, luminarias, etc...e por iso vemos en Concellos diferentes tipos de luminosidade con respecto a outros, polo tanto unha obra de máis de un millón de euros con fondos Europeos e que loxicamente aquí non podemos máis que apoiar, aprobar independentemente de que teñamos opinións diferentes ao respecto do resultado da obra



como dixen e manifestei naquel pleno, o cal me reitero no que dixen naquela intervención.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Entendendo que a obra xa se está realizando, evidentemente vamos a estar a favor da convalidación

Sr. Guerra García: No fondo so se trata de corrixir un erro que houbo na tramitación do expediente na omisión da función da interventora, é unha cuestión técnica non vamos a entrar a discutir agora todo o proceso por que eso xa se discutiu.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo, seguinte:

“Resultando que por parte da Intervención Municipal emitiuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RCL), relativo ó gasto que figura no Anexo. Resultando que o informe emitido pola Intervención remitiuse ó Órgano Xestor do gasto, que informou que as prestacións que figuran na factura realizouse de conformidade coas condicións xerais e particulares previamente establecidas e que o coste das prestacións correspóndese co de mercado do sector.

Resultando que o informe de Intervención expresamente se dispón que si o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ó prezo de mercado non é necesario instar a revisión do acto, sendo suficiente que o órgano competente resolva sobre a concesión da indemnización correspondente polo importe da factura.

Visto que no informe de Intervención se indica que non se detectou ningunha outra infracción do ordenamento xurídico máis que a propia omisión do trámite preceptivo de función interventora previa á adxudicación do contrato de renovación do alumueado público exterior, deberíase convalidar a omisión da función interventora e continuar o procedemento.

Considerando que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración no caso de que non se proceda ó pago das facturas e que con toda seguridade si o proveedor se dirixe ós tribunais condenaríase ó Concello ó pago do principal, as costas procesuais e os intereses dedemora.

Considerando que o artigo 28.2 do RCL establece que nos casos nos que a omisión da fiscalización previa se refira ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno se continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan. Polo exposto, elevo ó Pleno a seguinte PROPOSTA DEACORDO

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora na fase de adxudicación do contrato de obra de renovación de alumueado público exterior no Concello de Salceda de Caselas. por importe de 1.356.769,87 euros.

SEGUNDO.- Continuar co procedemento e co resto de actuacións que, no seu caso, procedan, para que, se corresponde, se poida aprobar o recoñecemento das obrigacións correspondentes por parte do órgano competente, as que estarán, en calquera caso, suxeitos



a intervención previa.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora na fase de adxudicación do contrato de obra de renovación de alumeadado público exterior no Concello de Salceda de Caselas. por importe de 1.356.769,87 euros.

SEGUNDO.- Continuar co procedemento e co resto de actuacións que, no seu caso, procedan, para que, se corresponde, se poida aprobar o recoñecemento das obrigacións correspondentes por parte do órgano competente, as que estarán, en calquera caso, suxeitos a intervención previa.

Expediente 1530/2024. Aprobación da modificación de crédito na modalidade de Suplemento de crédito núm. 1/2024.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Este punto esta interrelacionado co seguinte, neste primeiro punto do falamos é da aprobar unha modificación de crédito co modelo de suplemento de crédito por unimporte de 692.968,09€, no suplemento de crédito o que facemos é dotar partidas orzamentarias que xa existen, dotalas con crédito para facer fronte as obrigas. No seguinte punto, digamos que é o mesmo pero é crédito extraordinario e nese caso o que facemos é crear partidas novas para facer fronte a esas obrigas, neste caso falamos de 339.390,78€ e así fai un total de 1.032.358,87 € e o modo de financiamento de este suplemento de crédito e este crédito extraordinario e a cargo do remanente líquido de tesourería, como se viu na Conta Xeral contamos con remanente líquido de tesourería positivo case de un 1.400.000€ e xerado polo propio Concello, digamos que son fondo propios, polo tanto o que facemos con estes dous puntos é incorporar ese remanente ao Orzamento municipal, engadir que este ano podemos incorporar este remanente ao orzamento todo indica que o ano que ven xa non se poderá facer pola modificación das regras fiscais, aínda que onte houbo modificación por parte do Estado a nivel económico. Un diñeiro que é do Concello incorporalo ao orzamento para facer fronte a estas obrigas pendentes. Engadir que na Comisión informativa se nos pediu si se podían incluír as facturas aínda que este non é un expediente que se fala de facturas senón se que se fala de partidas orzamentarias, as facturas están engadidas no expediente como supoño que mirariades.

Sr. Núñez Troncoso: Estamos ante un expediente que si ten bastante relación co punto a seguir e que nos di claramente a nefasta xestión económica do orzamento por parte do goberno municipal. É certo que a lei permite aplicar tanto este suplemento como o crédito extraordinario aplicalo sobre o remanente de tesourería pero tamén non é menos certo que a lei permite minorar partidas de gasto e iso non se está facendo aquí, neste caso. O remanente de tesoureira é positivo porque como ben sabe o Goberno o como ben está posto na páxina web do Concello, que está a exposición pública a liquidación do orzamento 2023, aí non se está aplicando a conta 413, que son obrigacións sen recoñecer que quedaron pendentes do 2023,



neste caso por 1.851.000€ que se iso o houbésemos aplicado no remanente de tesourería xa sería negativa en máis /menos -500.000€.

Si que chama a atención na relación de facturas, non facturas, é certo que a relación que se nos incorporou ao expediente mellora bastante á que había inicialmente, pero nós pedimos e está pedido por rexistro e insistiremos niso, que nós queremos se nos aporten as facturas, temos dereito a elo, hoxe fai cinco días a partir do venres insistiremos e hai silencio positivo e nolas teñen que facilitar.

Quería que nos aclararan porqué tanto no suplemento de crédito coma no crédito extraordinario na relación de facturas, que en un principio está previsto que se vaian a aplicar tanto este suplemento coma o crédito extraordinario, porqué as do 2023 están sen conformidade e do 2024 si teñen a conformidade, nos gustaría que nos aclaran esa circunstancia. Respecto ao 2024 as facturas sobre as cales se pretende aplicar este suplemento son facturas que entraron en rexistro dende xaneiro ao mes de abril, é curioso que haxa partidas que no mes de febreiro de este ano xa se lle esgotara o crédito xa non había cartona esa partida, por exemplo para pagar as reparacións do vehículo da policía local ou mesmo o combustible da policía local ou ben os produtos de limpeza que se compraron no mes de xaneiro e resulta que xa non temos partida para pagar esas facturas. Tamén se pretende aplicar sobre facturas que se deixaron de pagar parte do ano 2023 dende outubro a decembro por importe de aproximadamente 338.000€ que é de gasto corrente, estas facturas terán que vir de novo a pleno porque cabe recordar que aquí o que se pretende aprobar é a ampliación da partida non recoñecer esa facturas sobre as cales se pretende aplicar esa ampliación, e digo o de se pretende aplicar ás facturas sobre esa ampliación porque xa sabemos ben de sobra como se as gasta o goberno en relación a prelación do orde de pago, e non o dicimos nós só, senón que tamén o din os numerosos informes de intervención. É curioso tamén, aquí se lles vai aplicar as facturas de xaneiro a abril, que pasa co resto do ano, de maio a decembro sobre estas facturas de gasto corrente?

Lembrar que para gasto corrente temos aproximadamente no orzamento 2.700.000€ que máis ou menos si facemos unha media chega a 225.000€ ao mes, o que implica que de maio a decembro para gasto corrente fai falta aproximadamente 1.800.000€, de onde os vamos a quitar? Porque de remanente de tesourería aplicado isto nos van a quedar aproximadamente 300.000€ van a facer falta aproximadamente 1.500.000€ de onde os vamos a quitar? Sería un xesto que minoraran a partida de publicidade, propaganda e gastos protocolarios de 125.000€ que se gastaron o ano pasado. O noso grupo non se nega a pagar aos provedores, xa o dixemos un montón de veces, que na maioría dos casos foron enganados outros no, e outros xa non queren traballar para o Concello. Si facemos un recordatorio de provedores que traballaban para o Concello de oito para acá, pois verán que moitos si existen pero non queren traballar para o Concello porque saben a situación económica que padecen, e insisto non estamos en contra de pagarlle aos provedores estamos en contra da xestión do orzamento por parte do Goberno municipal. O argumento é moi fácil, basta con ver os informes da intervención municipal, voulle poñer cinco circunstancias que reflexan os informes: carencia de contratos, fraccionamento de gastos, se fraccionan traballos en diversas facturas para considerar os traballos menores e polo tanto a adxudicación a dedo; desordenada e pouca escrupulosa xestión orzamentaria; retención de crédito para obras ou reparación de certa contía; realización de gastos sen consignación orzamentario, gastos que nacen polo tanto adocidos dun vicio de nulidade e que poden ser constitutivos de incorrer en responsabilidade contable;



iso o di intervención e tamén o dicimos nós, pero si vostedes van aos numerosos informes de intervención verán que pon en todos practicamente o mesmo e como dicía antes se segue sen respectar a prelación da orde de pago, agora mesmo non podemos asegurar, si se vai a aprobar este suplemento extraordinario, que se vaia a destinado a pagar esas facturas porque insisto, que se vai a aprobar ou no a ampliación ou consignar crédito a partidas que non existen polo tanto poden ir para estas facturas ou non.

En canto ao crédito extraordinario, é unha mostra máis da planificación nefasta da xestión económica por parte do Concello, o crédito extraordinario son partidas que non existían no ano 2023 porque non houbo orzamento a pesar de ser un goberno con maioría absoluta e menos aínda no ano 2024, estes 339.000€ de crédito extraordinario para inversión van un 73%, ou sexa, 249.830€ que corresponden, ou se pretende aplicar, sobre facturas de marzo a decembro que terán que vir a pleno para recoñecelas, ousexa, hai facturas que levan 16 meses sen cobrar e é curioso que a maioría das facturas son de marzo, abril, maio e xuño, neste caso 2023, curioso porque o último domingo de maio houbo eleccións municipais, é curioso que o groso do gasto está aí, como dicía, algunhas facturas levan 16 meses sen pagar, polo tanto como xa levamos dito varias veces, se segue traballando, sobre todo nas partidas de inversión, a base de ocorrencia, porque non hai ningunha planificación sobre as obras que se pretenden acometer ou mellorar o noso Concello e se traballa a base de ocorrencias.

O argumento de porqué o noso voto vai ser en contra é o mesmo que dixemos para os orzamentos, polas reiteracións constantes que fai intervención e lle vou dar outro dato, si ben non garda moita relación con este punto pero si é un dato económico, o informe de morosidade do primeiro trimestre de 2024, neste informe di: no primeiro trimestre do exercicio de 2024 pagáronse dentro do período legal de pago catro facturas por importe de 32.947,33€, máis ou menos facturas de 8.000€, e fora do período legal 1.408 facturas por importe de 1.350.297€; ao final do primeiro trimestre quedan pendente de pago dentro do prazo 281 facturas por importe de 362.089,69€ atopándose fora de prazo 1.054 facturas por contía de 1.125.391,10€ das que poderán ser reclamadas os intereses de demora. Conclúe o informe: neste caso e para este período medio de pago para as operación pagadas este trimestre é de 221,13 días. Ou sexa, o período medio de pago é sete meses e medio, este é un dato importante que hai que ter en conta tamén porque nos di claramente a situación económica do noso Concello. Para rematar, isto vai dirixido tanto ao BNG coma ao PSOE en relación ao acordo de investidura que vostedes asinaron, vou ler parte de ese acordo na segunda condición punto dous: “transparencia na execución e absoluto cumprimento da lexislación de contratación”, isto nada de nada como sabemos todos o incumprimento da Lei de Contratos é reiterado; na “2.3: compromiso de eliminación de todo gasto impropio, exemplo publicidade, axudas, subvencións a entidades externas, etc...” de publicidade, polo menos, nada de nada e máis se incrementou; “2.4: limitación das contías de contratación directas, no caso de obras ata 10.000€, e de servizos ata 5.000€ sempre que sexa posible e previo consenso da súa necesidade poderase exceder as limitacións sinaladas”, aquí hai facturas que son máis de 10.000€; “2.5: compromiso de informar trimestralmente do grado de execución orzamentaria a través dun informe de intervención no que de conta da execución orzamentaria e da contía do crédito restantes así como do volume de gastos e dos contratos realizados”. Eu creo que isto nin o teñen vostedes nin o temos nós, este compromiso de informar, eu recollo as palabras que nos dixeron fai dous plenos que poderíamos esperar sentados, os prexudicados son os veciños e veciñas non só nós. Dentro dun mes fai un ano se aprobou neste pleno unha moción que presentou vostede, señor Salustiano, para instar a



modificar o Regulamento do ROM, non sei si ten información ao respecto porque nós non.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Analizado o listado de facturas, nos gustaría saber si realmente se está facendo fraccionamento de contratos e adxudicacións a dedo e sobre todo, si quedan moitas facturas atrasadas, si realmente existen prelación no pago ou se están pagando as máis atrasadas ou se deixan outras para atrás e se están pagando as que o goberno considera oportuno. O que nos chama a atención é a cantidade de facturas pequenas sobre todo de autónomos e pequenas empresas locais que supoño que para este tipo de negocios e empresas moitas veces agardar o pago é bastante duro, polo que solicitamos un menor retraso nos pagos a todo o mundo pero sobre todo a quen máis o sinte no día a día.

Sr. Guerra García: Vou empezar pola propaganda, a propaganda que aparece na páxina oficial do Concello na que se lle di á cidadanía que hai remanentes porque hai aforro económico, véñse dicindo iso, deberíase explicar porqué hai remanentes. En todo caso a nós parécenos que si houbera unha vontade de aforrar, hoxe non estaríamos aquí con dous plenos extraordinarios cando dentro de un mes temos un pleno ordinario, non acabo de entender a presa de convocar dous plenos para hoxe sabendo que iso ten un custe para as arcas deste Concello. Supoño que os fornecedores de servizos que levan 7-8-10 meses agardando para cobrar podían agardar un mes máis, racionalizar as xuntanzas municipais onde se lle paga ás persoas que asistimos creo que sería unha mostra de algo, de momento non a hai e tampouco hai esa explicación de porqué hai remanentes, hai remanentes porque son partidas que non se gastan porque estamos con un orzamento que leva dous anos totalmente desfasado e hai partidas que non se gastana. Tal vez a cousa sexa adrede para ter logo cartos para traer aquí para pagar partidas que non están orzamentadas e seguramente é máis o segundo que outra cousa.

Os informes de intervención, case sempre, son bastante contundentes e nas conclusión di: compre corrixir estas deficiencias con unha correcta revisión orzamentaria, unha correcta execución do orzamento de conformidade co crédito asignada a cada partida coa normativa contractual, a modificación proposta afecta negativamente á estabilidade orzamentaria e á regra de gasto, advírtese da importancia do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na fase de liquidación do orzamento (xa falan do 24) o risco do cumprimento aumentaría si o volume de facturas realizadas sen consignación orzamentaria segue en aumento, debendo adoptarse medidas que deberían vir dadas pola parte do gasto coma dos ingresos. Teño que recoñecer por situacións persoais nun puiden votar unha vista máis pormenorizada as facturas pero este recurso que trae o Goberno municipal aquí é de vello como o ano pasado, vai seguir sendo de vello en próximos plenos que se nos traían novas partidas e a cuestión é, este Goberno Local pensa por algún trazo de novos orzamentos a disposición da Corporación? Ou cando menos a disposición dos que din que estamos con vostede, quen apoiamos a súa investidura, porque o desfase que hai no orzamento é evidente, é dicir, que hai aquí agora un millón de euros xa non é a primeira partida que se descoloca dun lado para pagar no outro, a cuestión é pensan dar un paso adiante e facer algunha proposta de orzamentos ou algún borrador de orzamentos máis alá das ideas que se nos trouxeron a última que vez que houbo contactos de que pasa coas taxas e impostos? Hai unha previsión de que nos diga si realmente cara ao 2025 podemos en pensar en discutir algunha base de orzamentos para empezar a cortar esta situación? É algo que nos gustaría saber.

Sr. Rodríguez Canosa: Respecto ao compañeiro do PSOE, a prelación vaise continuando pero



cando quedan partidas sen crédito séguese pagando o resto das partidas que si teñen crédito e non esperando a dotar esas partidas de crédito como se está facendo agora, cremos que é mellor pagar primeiro o que ten crédito e non esperar a suplementar partidas pero evidentemente si que se segue a prelación.

En relación ao Grupo mixto, como lle dixo a Alcaldesa está no seu haber renunciar a asignación deste pleno, como por exemplo soe facer o PP, nese sentido hai que darlle os parabéns ao PP porque cando hai unha situación así, sempre renuncian a esa asignación. O remanente non só se xera con partidas que non se gastan, senón tamén polo aumento da recadación, si que é certo que temos un orzamento prorrogado do 2022, os tempos cambiaron un pouco do 2022 ao 2024 sobre todo a nivel de inflación e prezos do mercado como todos podemos saber na nosa económica doméstica e familiar, pois o mesmo pasa no concello e si estamos traballando nuns novos orzamentos ou polo menos nunhas novas liñas estratéxicas do orzamento pero como ben sabemos, cando o de enfronte facilita as conversas avanza máis rápido que cando non.

Respecto a Joaquín, como sempre ven aquí cando hai aspectos económicos a dar unha marterclass que só entende el, mesturando churras e merinas e falando de todo menos do punto que estamos falando, aproveitou para falar de REC, de publicidade e propaganda, como no é o tema estrela de Joaquín, e da partida que máis falaches sempre e sempre ocultas que a partida da que se lle dan axudas ao nosos deportistas. Como digo, estás mesturando churras con merinas decindo que hai facturas que teñen conformidade outras que non, todas teñen conformidade as do ano pasado tamén, as da conta 413 tamén e evidentemente as do outro ano, como ben dixeches, si se dota da partida orzamentaria de crédito traeranse a este pleno para aprobar, estás enganando, estás intentando aburrir un pouco a xente con datos para que non se entenda o que se di e é un pouco diferente o que estamos intentando facer dende o goberno, podemos utilizar o remanente, temos un remanente de 1.400.000€ e dende o Goberno o que facemos é buscar solucións para poder pagarlle as empresas e os/as pequenos/as autónomos/as que fan servizos e obras para o Concello. Dende o goberno buscamos solucións e dende o PP coma sempre atrancos nas rodas e intentar afogar a situación do Concello simplemente para o seu propio beneficio, si que é curioso unha frase que dixeches “que os prexudicados son os veciños” neste caso, a aptitude do PP de Salceda o único que fai é que os prexudicados realmente sexan eses veciños autónomos, eses veciñas autónomas e esas pequenas empresas de Salceda que traballan para Salceda, polo tanto non busquen o beneficio persoal o beneficio para o seu Grupo político, e aporten en positivo, eu pídolle que por unha vez o PP de Salceda aporte en positivo de cara a veciñanza de Salceda.

Sra. Alcaldesa: O requirimento do Agora da Deputación, ambos os dous, chegaron o 27/06, había dous meses para a resposta, o vindeiro pleno ordinario é o 29 de agosto polo tanto non chegaríamos en prazo e ademais diso, evidentemente ao mellor a vostede non lle parece suficientemente urxente pagarlle aos provedores e ás empresas do noso Concello e doutros concellos que prestan servizos, igual para vostede non é importante para nós si, tanto pagar as facturas que vamos a facer neste remanente como a da obra do cambio de luminarias que foi o primeiro punto que aprobamos, si ese non é motivo máis que suficiente e si non está xustificoado que despois dun período amplío exista un extraordinario urxente para que un compañeiro tome posesión precisamente neste sesión plenaria, dígame vostede, o lóxico sería renunciar ao cobro do primeiro dos plenos pero non vou ser eu quen teñan que dicirles o que deben facer, aclarado porque a convocatoria de esta sesión primeira urxente e logo esta



extraordinaria.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Alejandro, non sei a que refire cando di que mesturo churras con merinas, non sei onde dígame vostede en que parte mesturei, en canto a publicidade e propaganda xa o levamos dito por activa e pasiva, nós non pretendemos eliminar esa partida nin a de propaganda nin a actos protocolarios, esa non é a pretensión nosa nin é pretensión nosa non subvencionar a deportistas, todo o contrario xa aquí máis de unha vez propuxemos que se elaborara un regulamento para axudar aos deportistas sobre todo a deportes minoritarios que temos grandes deportistas con grandes logros aquí en Salceda e a axuda que se lle da é paupérrima, elaboren vostedes un regulamento como nós propuxemos e estou por seguro que vamos a chegar a algún acordo. En canto ás facturas, non me aclarou porqué unhas si teñen conformidade e outras non, iso ben no último listado que nos pasaron tanto no suplemento de crédito como no de crédito extraordinario, nese listado vemos que unhas teñen fecha de conformidade as do 2023 non teñen e as do 2024 teñen, iso pono no listado. Di que estou enganando, non sei a quen, gustaríame saber en onde, nos gustaría que nos aclarara onde estou enganando eu aos veciños. Di que os autónomos son os prexudicados, claro que si, pero da nefasta xestión súa, entre outras cousas, terá que aclararnos algún día porqué traballos feitos no mes de xullo se lles di as empresas “facturen vostede para o ano seguinte”. Tamén dicía vostede que nunca aportamos nada, eu me pregunto, chamounos vostede algunha vez para elaborar o orzamento? E que os orzamento aquí ata o ano 2022 a nós nunca nos chamaron e despois porque votamos sempre en contra, porque ao final é un corta e pega ata houbo un ano que viña a memoria do 2016-2017, as partidas eran un copia e pega pero a nós nunca nadie nos dixo de propoñer algo.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Esperando de que non quedan facturas máis para atrás e que a partires de agora se teña un pouco máis en conta, sobre todo, aos pequenos negocios do Concello.

Sr. Guerra García: Sobre as palabras da Sra. Castiñeira sobre a urxencia de que os fornecedores cobren, nós non estamos en contra por suposto estamos a favor de que a xente que traballa, facture e cobre, non nos fale de urxencia neste sentido porque no mes de febreiro trouxéronse aquí facturas do ano pasado e agora tráense facturas de outubro do ano pasado, estamos no mes de xullo do 24, pois cando fale de urxencia fale de outras urxencias pero non de esta.

Sr. Rodríguez Canosa: Joaquín si ten probas amóseas, non vale iso de acusar. En canto á conformidade ese listado sácase do programa de contabilidade, xusto o ano contable do ano 24 e como son facturas do ano 2023 non figura a data nese excel porque a data de conformidade é do ano 2023, todas as facturas se conforman mensualmente, haxa crédito ou non haxa crédito, todos os concelleiros e concelleiras asinamos as facturas, dámoslle a conformidade polo tanto si, é un aspecto técnico do programa que cando se exporta a listaxe sae así en branco esa columna. En canto a que mesturas churras con merinas, dicíao porque falaches de todo menos do punto, e simplemente por aclarar e recordar por sorte dende o ano 2007 xa non hai ningunha factura no caixón senón que todas as facturas entran por rexistro e polo tanto non hai ningunha factura atrasada nestas relacións.

Sr. Núñez Troncoso: Nos non mentidos, o listado que vostede nos pasou pon o que pon, facturas do 2023 con data de conformidade en branco e facturas do 24 hai numerosas datas. Non me contestou, na miña primeira intervención fixen mención a cómo se vai pagar o gasto corrente de maio a decembro de aproximadamente de 1.800.000€ que sabemos que quedan



de remanente que aplicaran nun momento dado, ao igual que están facendo agora, eses 300.000€ que quedan farán outro suplemento de crédito, me imaxino, pero son 300.000€ os 1.500.000 que nos farían falta de onde os vamos a quitar? Non nos contestou a iso, ou haberá que recoñecelos para o ano? case que con toda a probabilidade que para o ano nestas datas ou antes non se sabe porque aquí aínda falta por vir un recoñecemento extraxudicial do ano pasado e estamos no mes de xullo ao mellor por estas datas estaremos ao mesmo que esas facturas que van a quedar sen pagar de ese ano 2023.

Sra. Alcaldesa: Me gustaría que o PP e sobre todo o Concelleiro Joaquín que é un mestre en soltar cousas así ao chou sen probas e sen facer ningún tipo de proposta, dicía o meu compañeiro Álex, é reiterado que cada vez que se fala de diñeiro aínda que sexa dun aspecto tan positivo como este que é dispor de máis de 1.300.000€ para pagar facturas, el lle busque a parte negativa, e que fale sobre todo de gastos de publicidade e propaganda eu si que vou a retar a que faga unha proposta e dicirme que eliminaría de esa partida, si eliminaría os patrocinios deportivos, si eliminaría os convenios cos medios de comunicación, quero que me diga que eliminaría porque chega a esta sesión plenaria e solta sempre o mesmo. Queda moi populista isto de falar de publicidade e propaganda como si fora todo unha cuestión de autobombo e non do que estou falando, reto ao que faga unha proposta ao igual a que o reto a que diga nesta sesión plenaria que empresas deixaron de traballar con Concello, non vale chegar aquí e dicilo, cando teñan probas, cando teñan datos apórtennos, non vendan aquí vendendo fume, sei que é moi difícil de argumentar o seu voto en contra nunha situación como esta cando hai cartos, cando o que se trae é a situación dunha boa xestión, dun aforro e que agora permite pagar aos provedores que realizaron os seus traballos é moi difícil argumentar o voto en contra, pero sabemos que vostedes é o non polo non e estou segura de que os veciños e veciñas e as empresas tomaran boa nota. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 1/2024 na modalidade de suplemento de crédito por importe global de 692.968,09 euros financiado con remanente líquido de Tesourería.

Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I suplemento de crédito 1/2024 anexado ao expediente. Alta en Conceptos de Ingresos Económica Descrición Importe 87000 Remanente de tesourería para gastos xerais 692.968,09 TOTAL 692.968,09

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta APROBADA por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal MS (4) e PSdeG-PSOE (2), CINCO VOTOS



en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (5) UNHA ABSTENCIÓN do Concelleiro do Grupo Municipal do e BNG (1), adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 1/2024 na modalidade de suplemento de crédito por importe global de 692.968,09 euros financiado con remanente líquido de Tesourería.

Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I suplemento de crédito 1/2024 anexo ao expediente. Alta en Conceptos de Ingresos Económica Descrición Importe 87000 Remanente de tesourería para gastosxerais 692.968,09 TOTAL 692.968,09

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia.

Expediente 1531/2024. Aprobación da modificación de crédito na modalidade de Crédito Extraordinario núm. 1/2024.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Como xa adiantei no anterior punto este punto está relacionado co anterior e se trata de facer un crédito extraordinario, con esto falamos de crear novas partidas por importe de 339.390,78€ e a forma de financiamento de este crédito extraordinario será a través do remanente líquido de Tesourería.

Sr. Núñez Troncoso: Reiterar o mesmo que dixemos antes, o argumento do noso posicionamento do voto en contra xa o dixemos que ven polo recollido nos informes de intervención, agora o que se vai facer e crear unhas partidas e estas facturas virán a pleno para recoñecelas e seguramente que teremos outra oportunidade máis para falar de este tema.

Sr. Alcadesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 1/2024 na modalidade de Crédito Extraordinario por importe global de 339.390,78 euros financiado con remanente líquido de Tesourería.



Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I Crédito Extraordinario 1/2024 anexoado ao expediente.

Alta en Conceptos de Ingresos

Económica	Descrición	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	339.390,78
TOTAL		339.390,78

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia.“

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta **APROBADA** por **SEIS VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal MS (4) e PSdeG-PSOE (2), **CINCO VOTOS** en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (5) e **UNHA ABSTENCIÓN** do Concelleiro do Grupo Municipal do e BNG (1), adoptándose o seguinte

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 1/2024 na modalidade de Crédito Extraordinario por importe global de 339.390,78 euros financiado con remanente líquido de Tesourería.

Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I Crédito Extraordinario 1/2024 anexoado ao expediente.

Alta en Conceptos de Ingresos

Económica	Descrición	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	339.390,78
TOTAL		339.390,78

SEGUNDO.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.



TERCEIRO.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia

Expediente 420/2024. Aprobación de proxecto de obra “Refundido proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúaCoruña”.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Troncoso Estévez: Neste punto ao igual que no seguinte o que se trae é unha aprobación do proxecto de obra “Refundido proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”. Este é un proxecto que se trouxo no pleno de 25 de abril, saíu aprobado en pleno o proxecto que basicamente era o proxecto de humanización de estas dúas rúas e o 30 de maio se enviou toda a documentación a Deputación para unha convocatoria do Plan AGORA, que nos axuda a financiar a redacción de este proxectos, isto é o proxecto que se está aprobando non é a execución da obra senón a redacción do proxecto, cando encontremos o financiamento oportuno porque son unhas contías considerables se intentará executar pero de momento estamos traendo a aprobación é a redacción do proxecto. Unha vez presentada esta documentación dende a Deputación, o 27 de xuño de este ano, se emitiu un informe desfavorable porque había algún incumprimento de algúns parámetros das bases do Plan AGORA, pero son uns incumprimentos moi leves, nós unha vez que recepciónamos estes incumprimentos procedemos a subsanación dos mesmos, fixemos unha resposta a este requirimento e agora necesitamos volver a traer a pleno a aprobación de este refundido de proxecto para poder facer oficial esta resposta a Deputación e seguir co expediente. Temos informes favorables tanto de urbanismo e de secretaría e esperemos que esto saía adiante.

Sr. Rodríguez Davila: O noso Grupo e eu como portavoz me remito a acta do pleno do 25 de abril onde se aprobou por parte dos Grupos de MS, PSOE e BNG este dous proxectos, nós votamos en contra porque consideramos que vai ser prexudicial para o noso Concello e polo tanto reiteramos a nosa posición ao respecto de estes dous proxectos da Rúa Coruña e Victoriano Pérez Vidal, polo tanto aqueles que estean escoitando ou escoiten este pleno ou aqueles que lean a acta deste pleno remítoos á miña intervención no pleno de abril de ese ano 2024.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Naquel pleno apoiamos a redacción dos proxecto e seguimos mantendo o apoio tanto a este proxecto coma ao seguinte.

Sr. Guerra García: Analizado a documentación vese que a Deputación ten bastante celo en revisar determinados expedientes neste momento sobre todo de proxectos que non van ter continuidade, nós entendemos polo que vemos que simplemente o que se fai é aclarar cuestións técnicas sobre o proxecto non se modifica o proxecto co cal vamos a estar a favor.



Sr. Troncoso Estévez: Efectivamente como di o compañeiro Tano, é máis que nada aspectos técnicos do proxecto, pero si hai unha pequena modificación dos proxectos porque unha das modificacións técnicas si que ten un incremento no custe final no orzamento do custe de contrata, hai que incluír algunha sinal a maiores ou algún boloardo para separar a beirarrúa do carril dos vehículos e no caso do proxecto da rúa Coruña ascende dun orzamento inicial 299.780€, no proxecto orixinal a neste proxecto a 302.266,98€ non chega a 3.000€ de incremento e no da rúa Victoriano máis ou menos o menos de 314.185 a 317.203 €.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

Visto que por acordo plenario de data 25 de abril de 2024 aprobouse o proxecto de obra denominado Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 19.02.2024.

Visto que pola Deputación Provincial de Pontevedra emitiuse informe técnico desfavorable en data 27.06.2024, establecendo a necesidade de emendar unha serie de aspectos no proxecto referenciado. Visto que polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez procedeuse á emenda do proxecto co título “Refundido proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”, ascendendo o total do orzamento de contrata a 302.266,98€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 52.459,56€ e o presuposto sen IVE a 249.807,42€.

Visto o informe técnico núm. 2024-0144 sobre a conformidade do proxecto aos requisitos de carácter técnico establecidos nas bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da rede Ágora (BOPPO núm. 26 de 20.05.2022). Visto o informe de Secretaría núm. 2024-009 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obra denominado “Refundido proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez en xuño de 2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 302.266,98€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 52.459,56€ e o presuposto sen IVE a 249.807,42€.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.



VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta **APROBADA** por **SETE VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal MS (4), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1), e **CINCO VOTOS** en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (5) adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obra denominado “Refundido proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público do tramo final da rúa Coruña”, redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez en xuño de 2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 302.266,98€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 52.459,56€ e o presuposto sen IVE a 249.807,42€.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 798/2024. Aprobación de proxecto de obra o “Refundido proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público da rúa Victoriano PérezVidal”.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Alcadesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

Visto que por acordo plenario de data 25 de abril de 2024 aprobose o proxecto de obra denominado “Proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público da rúa Victoriano Pérez Vidal”.

Visto que pola Deputación Provincial de Pontevedra emitiuse informe técnico desfavorable en data 26.06.2024, establecendo a necesidade de emendar unha serie de aspectos no proxecto referenciado.

Visto que polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez procedeuse á emenda do proxecto co título “Refundido proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público da rúa Victoriano Pérez Vidal”, ascendendo o total do orzamento de contrata a 317.203,52€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 55.051,85€ e o presuposto sen IVE a 261.151,67€.

Visto o informe técnico núm. 2024-0143 sobre a conformidade do proxecto aos requisitos de carácter técnico establecidos nas bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da rede Ágora (BOPPO núm. 26 de 20.05.2022).

Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0018 sobre a lexislación aplicable e o procedemento



a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos que se establecen no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obra denominado “Refundido proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público da rúa Victoriano Pérez Vidal” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez en xuño de 2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 317.203,52€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 55.051,85€ e o presuposto sen IVE a 261.151,67€.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta APROBADA por SETE VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal MS (4), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1), e CINCO VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (5) adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obra denominado “Refundido proxecto básico e de execución de obras de mobilidade amable e recuperación do espazo público da rúa Victoriano Pérez Vidal” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez en xuño de 2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 317.203,52€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 55.051,85€ e o presuposto sen IVE a 261.151,67€.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

